



(..) que lle facían a vida imposible. El entonces un día marchou e , veuno así medio tal e colleu un machado e peghoulle á burra e matouna.

- Porque vendera os bois.

- No, eso é despois.

Despois a muller:

- Ai dios mío! Tu tas tolo, tu tal, tumba.

El non daba palabra. Sacoulle a piel e meteulla pola cabeza á muller e colleu un fumeiro destes do carro, como se digha en ghallegho, e peghoulle unha tunda. Dios! Bum!

- Ai dios mío! Déixame, déixame!

- Déixame que de aghora en diante mando eu.

- Manda o que queiras.

E foi prá feira vende-los bois, ou os traía a comprar ou, dixo.

- Ie tu non es quen pa vendelos, eu vendo os bois e namáis.

- Pois nada, se vénde-los bois, nada, douchos de balde (...) E senón paghare o que haxa que paghare.

- Xa está.

Foron prá casa pero o outro, por se ascaso deixara a gitarra na casa dun compadre.E colleu a gitarra e empezou cantando:

*Guitarra miña gitarra
bandurria miña bandurria.
Non te acordas ti mullere
do coiro desta burra.*

- Pa facerlle o purgante na muller, pa, pa que se acordase da palliza, non sabes?